

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL**

RESOLUCIÓN do 10 de xuño de 2019, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se publica o anuncio da convocatoria de concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir prazas de persoal asesor; da convocatoria do concurso de méritos para cubrir postos de dirección dos centros de formación e recursos e de asesorías do Servizo de Formación do Profesorado, do Centro Autonómico de Formación e Innovación e dos centros de formación e recursos; da convocatoria do concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional e da convocatoria do concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres para cubrir, en comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente.

De acordo co previsto no artigo 5 do Decreto 244/1999, do 29 de xullo, polo que se regula a cobertura de diversas prazas por persoal funcionario docente que imparten ensinanzas de niveis non universitarios, así como no Decreto 77/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos resolve anunciar:

Primeiro. Que no portal da internet da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, www.edu.xunta.es, estarán dispoñibles as seguintes convocatorias:

– Orde do 10 de xuño de 2019 pola que se convoca concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir prazas de persoal asesor nesta consellería.



– Orde do 10 de xuño de 2019 pola que se convoca concurso público de méritos para cubrir postos de dirección dos centros de formación e recursos e de asesorías do Servizo de Formación do Profesorado, do Centro Autonómico de Formación e Innovación e dos centros de formación e recursos.

– Orde do 10 de xuño de 2019 pola que se convoca concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira dos corpos docentes que imparten ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, para cubrir postos de persoal docente en prazas sometidas a convenio ou a programas específicos desta consellería.

– Orde do 10 de xuño de 2019 pola que se convoca concurso de méritos específico entre persoal funcionario de carreira e en prácticas do corpo de mestres para cubrir, en comisión de servizos, postos de escolarización a alumnado de atención preferente.

Segundo. Que o prazo de presentación de instancias será de dez días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*.

Terceiro. Que para participar en cada un dos concursos anunciados as persoas aspirantes deberán presentar a solicitude e a documentación que proceda de acordo co establecido na orde de convocatoria correspondente.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2019

José Manuel Pinal Rodríguez
Director xeral de Centros e Recursos Humanos

